

CM Instalacións eléctricas e automáticas

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Montar e manter infraestruturas de telecomunicación en edificios, instalacións eléctricas de baixa tensión, máquinas eléctricas e sistemas automatizados, conforme a normativa, a regulamentación e os protocolos de calidade, seguridade e riscos laborais, asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo medio.

En que ámbitos se traballa? En pequenas e medianas empresas, nomeadamente privadas, dedicadas á montaxe e ao mantemento de infraestruturas de telecomunicación en edificios, máquinas eléctricas, sistemas automatizados, instalacións eléctricas de baixa tensión e sistemas domóticos, tanto por conta propia como por conta allea.

Que ocupacións se desempeñan? Instalador/ora mantedor/ora electricista. Electricista de construción. Electricista industrial. Electricista de mantemento. Instalador/ora mantedor/ora de sistemas domóticos. Instalador/ora mantedor/ora de antenas. Instalador/ora de telecomunicacións en edificios de vivendas. Instalador/ora mantedor/ora de equipamentos e instalacións de telefonía. Montador de instalacións de enerxía solar fotovoltaica.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0232	Automatismos industriais	213
1º	MP0233	Electrónica	107
1º	MP0234	Electrotecnia	213
1º	MP0241	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0235	Instalacións eléctricas interiores	320
2º	MP0242	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0243	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	123
2º	MP0236	Instalacións de distribución	155
2º	MP0238	Instalacións domóticas	123
2º	MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas	53
2º	MP0240	Máquinas eléctricas	123

Que título se obtén? Técnico en instalacións eléctricas e automáticas.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0232 Automatismos industriais. MP0238 Instalacións domóticas.	UC0822_2 Montar e manter instalacións de automatismos no ámbito de vivendas e pequena industria.
MP0235 Instalacións eléctricas interiores.	UC0820_2 Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios destinados principalmente a vivendas. UC0821_2 Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios comerciais, de oficinas e de unha ou de varias industrias.
MP0236 Instalacións de distribución.	UC0823_2 Montar e manter redes eléctricas aéreas de baixa tensión. UC0824_2 Montar e manter redes eléctricas subterráneas de baixa tensión.
MP0237 Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios.	UC0120_2 Montar e manter instalacións de captación de sinais de radiodifusión sonora e televisión en edificios ou conxuntos de edificacións (antenas e vía cable). UC0121_2 Montar e manter instalacións de acceso ao servizo de telefonía dispoñible ao público e instalacións de control de acceso (telefonía interior e videoportería).
MP0239 Instalacións solares fotovoltaicas.	UC0836_2 Montar instalacións solares fotovoltaicas. UC0837_2 Manter instalacións solares fotovoltaicas.
MP0240 Máquinas eléctricas.	UC0825_2 Montar e manter máquinas eléctricas.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0822_2 Montar e manter instalacións de automatismos no ámbito de vivendas e pequena industria.	MP0232 Automatismos industriais. MP0238 Instalacións domóticas.
UC0820_2 Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios destinados principalmente a vivendas.	MP0235 Instalacións eléctricas interiores.
UC0821_2 Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios comerciais, de oficinas e de unha ou de varias industrias.	
UC0825_2 Montar e manter máquinas eléctricas.	MP0240 Máquinas eléctricas.
UC0120_2 Montar e manter instalacións de captación de sinais de radiodifusión sonora e televisión en edificios ou conxuntos de edificacións (antenas e cable).	MP0237 Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios.
UC0121_2 Montar e manter instalacións de acceso ao servizo de telefonía dispoñible ao público e instalacións de control de acceso (telefonía interior e videoportería).	
UC0823_2 Montar e manter redes eléctricas aéreas de baixa tensión.	MP0236 Instalacións de distribución.
UC0824_2 Montar e manter redes eléctricas subterráneas de baixa tensión.	
UC0837_2 Manter instalacións solares fotovoltaicas.	
UC0836_2 Montar instalacións solares fotovoltaicas.	MP0239 Instalacións solares fotovoltaicas.